ASINADO POR: Secretario Xeral Pleno Da Corporación (José Carlos Riesgo Boluda) 2018-01-26T12:08:47+01:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2018-01-26T13:30:44+01:00 -
Documento asinado

# PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 1

## CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 31 de xaneiro de 2018, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

### PARTE RESOLUTIVA

**1.-** **Actas anteriores:** (extraordinaria do 22.11 e ordinaria do 29.11.2017).

**Ditames das comisións informativas**:

ORZAMENTOS E FACENDA

**2.-** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público correspondente ao 4º trimestre do ano 2017. Expte. 19319/541 (Rexistro Pleno 1691/1101)

URBANISMO

**3.-** Aprobación do "Estudo específico da situación derivada da anulación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo 2008 no ámbito A-7-02 "Recaré" como Ordenación Provisional, de conformidade co previsto no artigo 88.cinco da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas fiscais, administrativas e de ordenación. Expte. 16308/411 (Rexistro Pleno1690/1101).

**Mocións:**

**4.-** Moción do Grupo municipal de Marea de Vigo solicitando a retirada do proxecto de modificación da Lei 8/2008, de Saúde de Galicia e en apoio ás mobilizacións convocadas por SOS Sanidade Pública para tal fin. Expte. 1687/1101.

**5.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando ao goberno de España a expor nos próximos exercicios orzamentarios a progresiva equiparación salarial dos policías e gardas civís con outros corpos policiais, de tal xeito que no 2020 se acade a equiparación total. Expte. 1693/1101.

**6.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a adoptar as medidas que garantan un prezo xusto dos carburantes, redución do imposto sobre Hidrocarburos e outros acordos complementarios. Expte. 1694/1101.

**7.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a acometer, por vía de urxencia, a obra de trasvase do Verdugo, de acordo co convenio consensuado entre Concello e Xunta. Expte. 1697/1101.

## PARTE DE CONTROL

**8.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía.

**9.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

**Mocións.**

**10.-** Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a facilitar tódalas analíticas realizadas por Aqualia nos meses de novembro e decembro de 2017 e xaneiro de 2018, e outros acordos complementarios. Expte. 1695/1101.

**11.-** Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao Pleno manifeste o seu apoio á figura da prisión permanente revisable incorporada pola Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 24 de novembro, do Código Penal. Expte. 1696/1101.

**12.- Formulación de rogos.**

**13.- Formulación de preguntas.**

**DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día TRINTA E UN, para resolver os asuntos da devandita relación.

Documento asinado ASINADO POR: Secretario Xeral Pleno Da Corporación (José Carlos Riesgo Boluda) 2018-01-26T12:08:47+01:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2018-01-26T13:30:44+01:00 -

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE, O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez José Riesgo Boluda.

Documento asinado ASINADO POR: Secretario Xeral Pleno Da Corporación (José Carlos Riesgo Boluda) 2018-01-26T12:08:47+01:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2018-01-26T13:30:44+01:00 -